



**CONCELLO  
A GUARDA**

(PONTEVEDRA)

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL  
EN DATA 19 DE ABRIL DE 2016.-**

---

Na Casa do Concello da Guarda, sendo as oito horas e trinta minutos do día dezanove de abril de dous mil dezaseis, tivo lugar a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local, que, convocada e presidida polo Sr. Alcalde D. Antonio Lomba Baz, contou coa asistencia dos seguintes concelleiros membros deste órgano:

- **D. Miguel A. Español Otero**
- **D<sup>a</sup>. Montserrat Magallanes Alvarez**
- **D. Paulino Rodríguez Gonzalez**
- **D<sup>a</sup>. Teresa Vicente Baz**
- **D. Manuel Javier Crespo Gonzalez**

**Asiste como Secretaria a do Concello D<sup>a</sup>. Julia M<sup>a</sup>. Carrasco Glez.-Alegre.**

Sendo a hora sinalada, o Sr. Presidente pasa a dar conta dos asuntos que conforman a orde do día, que de seguido se relacionan:

**PUNTO 1.- APROBACIÓN ACTA SESIÓN ANTERIOR (ORD. 05.04.2016)**

---

O Sr. Presidente preguntalle ós concelleiros se teñen algunha observación que facer á acta correspondente á sesión celebrada o pasado día 5 de abril de 2016 ó que responden negativamente os concelleiros presentes na mesma, polo que a referida acta foi aprobada pola unanimidade dos presentes nela.

**PUNTO 2.- SUBVENCIONS**

---

Vistas as bases reguladoras das axudas básicas de emerxencia da Deputación de Pontevedra para o ano 2016 (BOPPO nº 71 de 14.04.2016), a Xunta de Goberno Local, órgano competente para elo, adopta o seguinte acordo:

- Que coñece e acepta as bases da convocatoria e os compromisos que nela se inclúen.
- Solicita a cantidade de 7.500 euros para gastos correntes e a cantidade de 2.000 euros para investimento, destinados á tipoloxía das axudas establecidas na cláusula quinta das mencionadas bases.

Vista a Orde de 11 de marzo de 2016 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de subvencións a concellos de Galicia e ás súas entidades públicas, con personalidade xurídica propia, e agrupacións de concellos, para o equipamento e mellora das instalacións e locais utilizados para a realización de actividades culturais, e se procede a súa convocatoria para o ano 2016, a XUNTA DE GOBERNO LOCAL acorda solicitar unha subvención ao abeiro desta Orde comprometéndose a achegar a porcentaxe do orzamento do proxecto que corresponda.



## CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

A Xunta de Goberno Local da conta das bases de subvencións para rehabilitación do patrimonio histórico-cultural dirixidas aos concello da provincia, ano 2016 e acorda acollerse ás mesmas.

A Xunta de Goberno Local da conta da Orde do 21 de marzo de 2016 pola que se establecen as bases reguladoras e a convocatoria de subvencións para o ano 2016 para a adxudicación de equipamento de emerxencias, en réxime de concorrència competitiva, a concellos de menos de 50.000 habitantes, mancomunidades ou agrupacións de concellos galegos, cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional no Marco do Programa operativo Feder-Galicia 2014-2020, e acorda acollerse a ditas bases.

Visto que a Xunta de Goberno Local acordou na sesión de 22 de marzo de 2016 solicitar unha subvención ó abeiro das bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrència competitiva, de subvencións a concellos para o apoio aos investimentos para uso público en infraestrutura recreativa, información turística e infraestrutura turística a pequena escala, mediante fomento da accesibilidade e sinalización dos recursos turísticos no medio rural, cofinanciadas co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do Programa de desenvolvemento rural de Galicia 2014 - 2020, para a realización de 5 audioguías para o MASAT, o Castro de Santa Trega e o Castelo de Santa Cruz

Visto que con data 13 de abril de 2016 recibíuse comunicación de TURISMO DE GALICIA requirindo a acreditación da titularidade dos inmobles obxecto da subvención e considerando que o Concello da Guarda só pode acreditar a titularidade do Castelo de Santa Cruz

A Xunta de Goberno Local acorda renunciar á solicitude de subvención respecto ó MASAT e o Castro do Trega e solicitar só para o Castelo de Santa Cruz.

### **PUNTO 3.- INFORMES ASESOR XURÍDICO**

---

Dase conta do informe do Asesor xurídico do Concello de data 6 de abril de 2016 comunicando a sentenza ditada o 10 de marzo de 2016 polo TSXG no recurso de apelación nº 4414/15 entablado polo Concello da Guarda contra a sentenza ditada o 16 de abril de 2015 polo xulgado do Contencioso-administrativo nº 3 de Pontevedra nos autos do recurso contencioso-administrativo nº 176/13 (ó que foron acumulados os recursos nº 177/13 e 175/13) entablados por D. Eulogio P. Abeleira Cabaleiro e a Asociación de Veciños Manuel Alvarez contra resolución da Xunta de Goberno Local do 11 de abril de 2013 pola que se desestima o recurso de reposición entablado por ambos contra anterior acordo de 19 de febreiro de 2013 polo que se concedeu nova licenza de obras e se convalidou a anulada no seu día polo tribunais para o acondicionamento de local para discoteca Enjoy, así como contra acordo da Xunta de Goberno Local de 25 de marzo de 2013 polo que se rechaza a denuncia urbanística presentada o 19 de xullo de 2012 pola que denuncia a realización de actividade sen licenza e que se lle amplíe o prazo para recurrir. Todos os recursos foron desestimados por exercizo abusivo da acción pública urbanística por parte do Sr. Abeleira. Dita sentenza obriga ó concello a tramitar un expediente de reposición de legalidade urbanística contra a obra da discoteca en cuestión, resultando que tal expediente a día de hoxe non ten sentido, pois dita discoteca leva pechada dende fai bastante tempo e ademais o



## CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

seu local conta cunha comunicación previa de obras presentada o 17.12.2015 para centro de ocio infantil nome de D. Antonio Mariño Dominguez, co cal resultaría imposible executar a sentenza en dito aspecto.

A Xunta de Goberno Local dase por enterada do contido da sentenza que se comunica do 10 de marzo pasado, dando traslado da mesma á Oficina Técnica Municipal para a súa constancia no expediente.

### **PUNTO 4.- INFORMES SERVIZOS SOCIAIS**

---

Dase conta do informe da Traballadora Social do Concello de data 5 de abril de 2016 relativo á alta no Servizo de Axuda no Fogar de D. L.C.A..

A Xunta de Goberno Local acorda acceder a dita alta por libre concurrencia.

Dase conta do informe da Traballadora Social do Concello de data 11 de marzo de 2016 relativo á alta no Servizo de Axuda no Fogar de D. F.R.G..

A Xunta de Goberno Local acorda acceder a dita alta por libre concurrencia.

Dase conta do informe da Traballadora Social do Concello de data 4 de abril de 2016 relativo á alta no Servizo de Axuda no Fogar de D. B.R.P..

A Xunta de Goberno Local acorda acceder a dita alta por libre concurrencia.

Dase conta do informe da Traballadora Social do Concello de data 5 de marzo de 2016 relativo á modificación de horas no Servizo de Axuda no Fogar de D<sup>a</sup>. J.L.A. a partir do 28/03/2016 que pasará a 12 horas mensuais.

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar esta modificación.

### **PUNTO 5.- INSTANCIAS**

---

Dase conta do escrito RE 2.234 de data 12 de abril de 2016, remitido por DIRECCIÓN XERAL DE XUSTIZA, comunicando a cantidade que corresponde recibir a este Concello para atender os gastos do Xulgado de Paz así como os criterios que se deben seguir no relativo á súa execución.

A Xunta de Goberno Local dase por enterada.

Dase conta do escrito RE 1.952 de data 31 de marzo de 2016 polo que a SECRETARÍA XERAL TÉCNICA DE VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS E XUSTIZA remite a este Concello o proxecto de decreto polo que se establecen os requisitos e o procedemento para o recoñecemento, modificación e extinción dos centros de información á muller.

A Xunta de Goberno Local dase por enterada.



**CONCELLO  
A GUARDA**

(PONTEVEDRA)

Dase conta do escrito 2.312 de data 14 de abril de 2016 remitido polo XULGADO DO PENAL Nº 3 DE PONTEVEDRA, notificando a sentenza nº 92/16 de 8 de abril de 2016 recaída no procedemento abreviado nº 457/2015.

A Xunta de Goberno Local dase por enterada.

## **PUNTO 6.- ASUNTOS URBANÍSTICOS**

### **6.1.- COMUNICACIÓN PREVIA DE OBRAS MENORES**

A Xunta de Goberno Local da conta das seguintes comunicacións previas de obras menores:

EXPEDIENTE: 916/2016.- H. BRUSELAS, C.B., PARA REFORMA E MODERNIZACIÓN DO BAÑO DA HABITACIÓN 108 DA PLANTA PRIMEIRA DO HOTEL BRUSELAS SITO NA RÚA DE PONTEVEDRA Nº. 4, EN SOLO URBANO (ORDENANZA Nº. 1 DO P.X.O.U.).

EXPEDIENTE 1.756/2015.- D. ALBINO PÉREZ PÉREZ, PARA COLOCACIÓN DE RECERCADOS DE FIESTRAS E FAIXAS DOS FORXADOS EN PEDRA DE 3 CMS. E COLOCACIÓN DOS ENTREPANOS CON PEDRA DE 2 CMS., AMPLIACIÓN DE PASILLO DE ENTRADA, E CAMBIAR ESCALEIRAS EXTERIORES CON PASOS DE PEDRA”, DA VIVENDA UNIFAMILIAR SITA NA RÚA DE XUNQUEIRIÑAS Nº. 20, EN SOLO NON URBANIZABLE DE NÚCLEO RURAL DE “A GÁNDARA” DA PARROQUIA DE SALCIDOS (ORDENANZA Nº. 9 DO P.X.O.U.).

EXPEDIENTE: 2.637/2015.- D. PEDRO RAMÓN DE LA FUENTE GONZÁLEZ, PARA EXECUCIÓN DE SOLADO DE BEIRARRÚAS NUNHA SUPERFICIE DE 120,00 M<sup>2</sup>., DEMOLICIÓN DE PISCINA EXISTENTE E ATERRADO DA MESMA PARA INTEGRACIÓN DE DITO ESPAZO A XARDIN” SITO NA RÚA DE PASEO DE PORTUGAL Nº. 79, EN SOLO NON URBANIZABLE DE NÚCLEO RURAL DE “O PASAXE” DA PARROQUIA DE CAMPOSANCOS (ORDENANZA Nº. 9 DO P.X.O.U.).

EXPEDIENTE: 5.671/2015.- COMUNIDADE DE PROPIETARIOS RESIDENCIAL ARMONA RPRS. POR D. ANGEL M. PATIÑO DIEGUEZ, PARA PINTADO DAS FACHADAS DA URBANIZACIÓN E COLOCACIÓN DE CAEIROS E BAIXANTES DE RECOLLIDA DE AUGAS PLUVIAIS, SITUADAS NA URBANIZACIÓN “ARMONA” DA PARROQUIA DE CAMPOSANCOS, EN SOLO NON URBANIZABLE DE PROTECCIÓN DE COSTAS (ORDENANZA Nº. 15 DO P.X.O.U.).

EXPEDIENTE: 913/2016.- D. ABRAHAM LEMOS FERNÁNDEZ, PARA AMPLIACIÓN DE VENTÁ, RECERCADO EXTERIOR DE PAREDES DE VENTÁS CON PEDRA, COLOCACIÓN DE FAIXA E LOUSAS DE PEDRA PARA FORMACIÓN DE ESQUINALES DE FACHADA, APERTURA DE OCO EN PAREDE LATERAL ESQUERDO PARA INSTALACIÓN DE VENTÁ,



**CONCELLO  
A GUARDA**

(PONTEVEDRA)

E PINTADO EXTERIOR DE FACHADAS, DA VIVENDA SITA NA RÚA DE IRMÁNS NOIA XIL Nº. 14, EN SOLO URBANO (ORDENANZA Nº. 4 DO P.X.O.U.).

EXPEDIENTE 1699/2016.- D. ABRAHAM LEMOS FERNANDEZ, PARA LICENCIA DE AMPLIACIÓN C.P. OBRAS MENORES (EXP.: 913/2016), CONSISTENTE EN PICADO DE MORTERO E ENCINTADO EN FACHADA EXTERIOR DE PEDRA, SOLADO DE PEDRA PARA INTERIOR EN COCIÑA, BAÑO E SALÓN, ALICATADO DE AZULEXOS EN COCIÑA E BAÑO, INSTALACIÓNS DE ELECTRICIDADE E FONTANERÍA E CARPINTERIA DE MADEIRA INTERIOR, NA VIVENDA SITA NA RÚA DE IRMÁNS NOIA XIL Nº. 14 (BAIXADA Á PRAIA DE AREA GRANDE), EN SOLO URBANO (ORDENANZA Nº. 4 DO P.X.O.U.).

Neste momento abandona a sesión o Sr. Rodriguez Gonzalez.

EXPEDIENTE: 1.606/2016. D<sup>a</sup>. MARÍA ALTAIR CASTRO MARTÍNEZ, PARA REPARAR MURO DE CONTENCIÓN CON PEDRA EXISTENTE NUNHA LONXITUDE DE 15,00 MTS. E UNHA ALTURA DE 1,00 MTS., SITO NA RÚA DE XUNQUEIRIÑAS, S/N., EN SOLO NON URBANIZABLE DE NÚCLEO RURAL DE "A GÁNDARA" DA PARROQUIA DE SALCIDOS (ORDENANZA Nº. 9-B [ÁRE DE TOLERANCIA] DO P.X.O.U.).

Volve a sesión o Sr. Rodriguez Gonzalez

EXPEDIENTE: 1.745/2016.- D<sup>a</sup>. MARÍA BEGOÑA VICENTE PEÑA. PARA APERTURA DE GABIA NO PISO DA BODEGA PARA REPARAR TUBERÍAS DE SANEAMENTO E COLOCACIÓN DE PLAQUETA NUNHA SUPERFICIE DE 39,00 M<sup>2</sup>. DA EDIFICACIÓN SITA NA RÚA DE FONTIÑA Nº. 2, EN SOLO URBANO (ORDENANZA Nº. 1 DO P.X.O.U.).

EXPEDIENTE: 1.209/2016.- D<sup>a</sup>. PAULA GONZÁLEZ GONZÁLEZ, PARA CAMBIO DE TUBERÍA DE AUGA DE FERRO POR UNHA DE POLIETILENO E COLOCACIÓN DE PLAQUETA NUNHA SUPERFICIE DE 79,00 M<sup>2</sup>., NO BAIXO DA EDIFICACIÓN SITA NA RÚA DE ENRIQUE MARÍA SESTO Nº. 10, EN SOLO URBANO (ORDENANZA Nº. 1 DO P.X.O.U.).

## **6.2.- COMUNICACIÓN PREVIA DE OBRAS DE ADAPTACIÓN DE LOCAIS**

A Xunta de Goberno Local da conta das seguintes comunicacións previas de obras de adaptación de locais:

EXPEDIENTE: 7.788/2015. BANCO PASTOR, S.A., PARA OBRAS DE ACONDICIONAMENTO INTERIOR DE LOCAL DESTINADO A OFICIÑA BANCARIA, SITO NA RÚA DE GALICIA Nº. 47-BAIXO, EN SOLO URBANO (ORDENANZA Nº. 1 DO P.X.O.U.).

## **6.3.- PROXECTO DE EXECUCIÓN**

Lese o escrito RE 1.695 de data 15 de marzo de 2016, presentado por D. MANUEL GONZALEZ LOPEZ E D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup> MERCEDES GONZALEZ GONZALEZ, con enderezo na rúa 3<sup>a</sup>



## CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

Transv. Oliva, nº 8 da Guarda, solicitando a aprobación do proxecto de execución de reforma e ampliación de vivenda colectiva para añadir unha vivenda na segunda planta do edificio sito na rúa 3ª Transv. Oliva, nº 8, visado o 11.03.2016 que conta con licencia municipal de obras nº 1/2016.

A Xunta de Goberno Local, visto o informe do arquitecto municipal de data 30 de marzo de 2016, acorda acceder ó solicitado.

### **6.4.- COMUNICACIÓN PREVIA LICENCIAS DE APERTURA**

Exp. Nº 1.639/2016 de data 11.03.2016.-

Vista a comunicación previa feita por WAKAME, C.B. A GUARDA con enderezo na Rúa de Galicia, nº 25-baixo da Guarda, para inicio de actividade de COMERCIO MENOR PRENDAS DE VESTIR E TOCADO (Epíg. 651.2) no local sito na rúa Galicia, nº 25-baixo da Guarda, e visto o informe favorable de data 31 de marzo de 2016 dos servizos técnicos municipais, a XUNTA DE GOBERNO LOCAL ACORDA:

Conceder a WAKAME, C.B. A GUARDA licencia municipal nº 7/2016 para a apertura dun local dedicado á actividade de COMERCIO MENOR DE PRENDAS DE VESTIR E TOCADO (Epíg. 651.2) situado na rúa de Galicia, nº 25-baixo.

### **6.5.-COMUNICACIÓNS PREVIAS CAMBIO DE TITULARIDADE DE ACTIVIDADES.**

A Xunta de Goberno Local da conta das seguintes comunicacións previas de cambio de titularidade de actividade:

EXPEDIENTE: 8.353/2015. PYME AHORRO GESTIÓN INTEGRAL, S.L.U. DE CAMBIO DE TITULARIDADE DA ACTIVIDADE CAFÉ BAR CATEGORÍA ESPECIAL (EPIG. 673.1) A REALIZAR NA RÚA CORUÑA, Nº 26-BAIXO QUE ANTES FIGURABA A NOME DE JAVIER FERREIRA ALVAREZ.

EXPEDIENTE: 1.671/2016. AMBAR 2, C.B. DE CAMBIO DE TITULARIDADE DA ACTIVIDADE RESTAURANTE 1 TENEDOR (EPIG. 671.5) A REALIZAR NA RÚA DO PORTO, Nº 42-BAIXO QUE ANTES FIGURABA A NOME DE CASERVAP, S.L.

### **6.6.- INSTANCIAS**

Dase conta do escrito RE 1.917 de data 29 de marzo de 2016, presentado por Dª. Mª DOLORES HERNANDEZ JIMENEZ, con enderezo na rúa Paseo del Muelle, nº 12-5ºB de Talavera de la Reina (Toledo), comunicando que van a proceder á substitución da canalización vella a súa conexión á rede municipal de saneamento, cuio enganche se efectuará a un pozo existente da propia rede.

A Xunta de Goberno Local dase por enterada.

*Sendo as dez horas do día da data, o Sr. presidente da por rematada a sesión, do que eu como secretario dou fe.*